

ENCUENTROS VIRTUAIS

XUNTA - UE

A política europea de defensa *Liñas estratéxicas e implicacións rexionais*

DATA e LUGAR	24 de setembro de 2025, en liña
ORGANIZACIÓN	Fundación Galicia Europa
ASISTENTES XUNTA	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ▪ Consellería de Economía e Industria ▪ Consellería de Facenda e Administración Pública ▪ Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ▪ Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ▪ Consellería do Mar ▪ Consellería de Medio Rural ▪ Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ▪ Axencia Galega de Innovación (GAIN) ▪ Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Introducción

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, inaugurou esta mañá unha nova edición dos ‘Encontros virtuais Xunta-UE’, que acadaron xa a 50ª sesión dende a súa posta en marcha no ano 2020 pola Fundación Galicia Europa (FGE). A directora da oficina de Bruxelas da FGE, Ana Ramos, foi a encargada de moderar o encontro, que nesta ocasión estivo dedicado á política europea de defensa, un ámbito que gañou protagonismo na axenda comunitaria tras a invasión rusa de Ucraína.

Na súa intervención, o director xeral lembrou as futuras medidas de gran alcance anunciadas pola presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen: **dende a posta en marcha do instrumento SAFE con 150 000 millóns de euros dispoñibles para compras conxuntas ata o lanzamento dun plan de preparación en materia de defensa con horizonte 2030.** Jesús Gamallo explicou tamén que a **proposta de novo Marco Financeiro Plurianual prevé destinar 131 000 millóns de euros a defensa, seguridade e espazo, multiplicando por cinco a dotación do período anterior.** “Un esforzo sen precedentes”, asegurou, “que abre oportunidades tanto para os Estados membros como para as rexións”. Neste contexto, **destacou o papel de Galicia, que leva anos desenvolvendo un ecosistema aeroespacial con aplicacións duais civís e militares.**

Esta 50ª edición tivo tamén un carácter especial, ó contar coa **participación de representantes do tecido empresarial galego ligado á *Iniciativa Estratéxica en Seguridade, Defensa e Aeroespazo.*** A súa presenza permitiu abrir un diálogo directo entre a Comisión Europea, o Goberno galego e as empresas, un paso esencial para reforzar a posición de Galicia nun sector chamado a medrar con forza na UE.

Pola súa banda, **Francisco Casaldueiro, asesor na Dirección Xeral de Defensa da Comisión Europea,** presentou a visión do executivo comunitario sobre as prioridades da política de defensa, os instrumentos dispoñibles e as oportunidades de cooperación para os distintos territorios. En clave galega, **Farah Lisa Meghazi, subdirectora xeral de Promoción Industrial e Solo Empresarial, deu a coñecer a Estratexia Galega de Seguridade, Defensa e Espazo,** que prevé un investimento público directo de 183 millóns de euros e a mobilización de ata 900 millóns adicionais. O seu obxectivo é reforzar o ecosistema empresarial, apoiar a innovación e consolidar a Galicia como referente nacional nestes sectores estratéxicos

A política europea de defensa

1.CONTEXTO

1.1. Competencias da UE

A Unión Europea carece de competencias directas en defensa, ámbito que permanece baixo soberanía nacional. Actividades intergubernamentais, como as levadas a cabo pola Axencia Europea de Defensa, operan fóra do marco comunitario. Non obstante, **a Comisión Europea ten plenas competencias sobre a industria e o mercado de defensa,** igual que en calquera outro sector industrial.

Esta distinción é fundamental: **a industria e a tecnoloxía de defensa constitúen en si mesmas unha capacidade militar**. Non abonda con dispor de avións, barcos e tanques; precísase unha base industrial que os produza e unha capacidade tecnolóxica que os desenvolva e manteña operativos.

1.2. Problemas estruturais

A industria da defensa en Europa presenta un problema fundamental: a fragmentación, que afecta gravemente á dispoñibilidade das capacidades militares e á interoperabilidade entre países. Esta situación responde ás especificidades propias do sector:

- **Mercado controlado pola demanda:** os únicos clientes son os gobernos, que ademais actúan como reguladores de aspectos clave (control de exportación, seguridade da información). Polo tanto, **a oferta replica exactamente á demanda**, ó tratarse dun mercado absolutamente controlado polos Estados membros e os seus ministerios de defensa.
- **Decisións non exclusivamente económicas:** as adquisicións responden a criterios de seguridade de subministro e política exterior, non só a racionalidade económica.

Consecuencias da fragmentación:

- **Demanda fragmentada:** visións estritamente nacionais, falta de investimento cooperativo.
- **Oferta fragmentada:** industria estruturada ó longo das fronteiras nacionais debido á demanda nacional.
- **Resultado:** eficiencia non aproveitadas; baixa interoperabilidade

O obxectivo básico das políticas europeas é, por tanto, incrementar a eficacia en termos globais de capacidade de defensa e mellorar a eficiencia do gasto agregado a nivel da Unión Europea. Este enfoque é imprescindible para:

- Afrontar os novos desenvolvementos tecnolóxicos.
- Manter certa superioridade tecnolóxica.
- Garantir no futuro aspectos clave como o acceso ó espazo ou a defensa antimísil.

Estes últimos son aspectos imposibles de asumir por un só Estado membro, polo que a solución só pode vir da cooperación transnacional.

Xunto á fragmentación, existe un **problema de falta crónica de investimentos durante décadas**, que sitúa á UE nunha posición de clara debilidade fronte ás principais potencias mundiais. Entre 1999 e 2023, o gasto combinado en defensa da UE aumentou só un 40%, mentres que:

- Estados Unidos: +68%
- Rusia: +523%
- China: +651%

Se os Estados membros tivesen dedicado un 2% do PIB á defensa entre 2006 e 2021, disporían de:

- 1 billón de euros de gasto adicional en defensa.
- 270 000 millóns de euros máis en investimento para defensa

Estas cifras dan idea da magnitude da infrainversión á que estivo sometido o sistema.

Ademais, pódese sinalar o seguinte:

- **Dependencia de fornecedores externos:** nos 16 meses posteriores ao inicio da guerra de Ucraína, o 78% das adquisicións de material de defensa polos Estados membros proviñeron de fóra da Unión Europea. Este dato revela a grave dependencia estrutural de Europa respecto a fornecedores externos, principalmente estadounidenses, precisamente no momento de maior necesidade.
- **Posición das empresas europea na clasificación mundial de compañías de defensa:** as primeiras empresas da UE ocupan tan só as posicións 13 e 14, o que reflicte a debilidade estrutural do sector fronte á competencia global. Esta situación contrasta coa posición dominante das empresas estadounidenses, que ocupan os primeiros postos desta clasificación, e reflicte as consecuencias da fragmentación e do infrainvestimento europeo.

1.3. Evolución do contexto xeopolítico

A invasión rusa de Crimea tivo lugar en febreiro de 2014. Xusto antes, en **decembro de 2013, os xefes de Estado e de Goberno da UE incluíran por primeira vez a Seguridade e Defensa** na axenda do Consello Europeo. Nese encontro, decidiuse priorizar a **I+D+i** como vía para fomentar a cooperación e a desfragmentación. Esta estratexia tiña unha perspectiva de medio-longo prazo, xa que, a pesar de que a ameaza era clara, non se percibía como inmediata. **Esta aproximación foi posible grazas a unha nova interpretación xurídica dos tratados da UE, que ata entón impedían destinar orzamento a temas de defensa, pero que consideraba que a I+D+i non entraba nesa categoría de "capacidades de defensa".**

A invasión rusa de Ucraína en febreiro de 2022 abriu un novo escenario de guerra de alta intensidade, ó que se suma certa inestabilidade xeopolítica transatlántica. Esta situación require: i) **augmentar de forma acelerada as capacidades de produción na UE;** ii) **diminuír no posible as dependencias en equipamento crítico e materias primas.**

2. A SEGURIDADE, DEFENSA E ESPAZO NA UE

Estrutúrase en torno a tres obxectivos fundamentais:

- 1) Fomentar a cooperación europea ó longo de todo o ciclo completo de investimento en defensa.
- 2) **Fomentar un ecosistema industrial de defensa próspero e autosostible**
- 3) **Aumentar a preparación da UE e mitigar as dependencias de terceiros países**

Estas prioridades articulan todas as iniciativas desde 2014 ata a actualidade.

2.1. FONDO EUROPEO DE DEFENSA (EDF)

O Fondo Europeo de Defensa (EDF), operativo durante o período 2021-2027, foi a primeira gran iniciativa tras dous programas piloto: a Acción Preparatoria da Unión sobre Investigación en materia de Defensa (PADR) 2017-2019, con 90 millóns de euros, e o Programa para a Industria da Defensa Europea (EDIDP) 2019-2020, con 500 millóns de euros.

Obxectivo	Converter á UE nun dos 3 principais investidores en investigación de defensa.
Orzamento	8 000 millóns de euros (7 700 M€ da UE + a achega de Noruega como Estado asociado)
Liñas orzamentarias	O EDF divídese en dúas liñas orzamentarias: <ul style="list-style-type: none"> ▪ 1/3 dedicado a investigación. ▪ 2/3 dedicados ó desenvolvemento.
Ámbitos temáticos	<p>Todos os campos relacionados coa defensa:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Temas médicos e factores humanos. ▪ Superioridade da información e sensores. ▪ Ciberseguridade. ▪ Espazo. ▪ Transformación dixital. ▪ Enerxía e medio ambiente. ▪ Materiais e compoñentes. ▪ Dominios militares tradicionais: aéreo, terrestre, naval. ▪ Defensa antimísil. ▪ Mobilidade militar. ▪ Simulación. <p>Ademais, existen dúas categorías transversais non temáticas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Tecnoloxías disruptivas: os consorcios poden propor o que desexen relacionado coa defensa. ▪ Pemes: categoría específica para pequenas e medianas empresas

É preciso sinalar que o EDF **non cobre a fase de adquisición**. Non compra nada; simplemente outorga subvencións a proxectos cooperativos relacionados directamente coa defensa.

Ano	Orzamento (millóns de euros)	Nº de proxectos
2021	1 163	60
2022	856	41
2023	1 179	61
2024	1 098	63
2025	1 066	Convocatoria aberta ata o 16 de outubro de 2025
2026	...	Convocatoria en preparación

Datos clave:

- **Proceso estruturado:** preparación de programa de traballo anual, convocatorias, avaliacións, preparación de acordos de subvención e xestión de proxectos.
- **Máis de 170 proxectos en marcha** (superaranse os 200 a finais de 2025). **PADR e EDIDP financiaron no seu momento 18 e 44 proxectos, respectivamente.**
- **Case 5 000 millóns de euros** xa foron dedicados, con proxectos que mobilizarán ó redor dun 60% do orzamento total do EDF para o período 2021-2027.
- **Media de 1 000 millóns de euros anuais** en movemento

2.1.1. O papel das pemes

O EDF promove a participación de pemes mediante:

- **Os criterio de selección**, outorgando máis puntos se participan pemes no consorcio.
- **Bono especial na taxa de financiamento:** cando as actividades non se financian ó 100% (tipicamente as máis próximas ó produto final), hai un bono de financiamento pola participación de pemes.

- **Convocatorias específicas** para pemes.

Nos resultados do EDF de 2024, o **38% de todas as entidades seleccionadas** nos consorcios gañadores eran pemes, as cales recibiron o **27% do total dos fondos asignados**. **A maior parte deste orzamento non se recibiu en convocatorias exclusivas**, senón en grandes proxectos liderados por empresas tractoras. **A participación das pemes como provedores de innovación e elementos de innovación resulta esencial.**

2.1.2. Plan de Innovación da UE en materia de Defensa (EUDIS)

Do orzamento total do EDF (8 000 millóns de euros), **2 000 millóns están destinados ó Plan de Innovación da UE en materia de Defensa (EUDIS)**, mediante o que a Comisión Europea quere apoiar ós emprendedores, empresas emerxentes e pemes innovadoras a superar as barreiras de entrada tradicionais e aportar ideas ó mercado”.

Liñas básicas de apoio:

- 1) **Convocatorias especiais e subvencións con asesoramento empresarial**, especialmente para pemes ou para pemes e organismos de investigación.
- 2) **Asesoramento personalizado**, baseado nun asesoramento ás pemes en temas do seu interese (v.g. control de exportacións, temas básicos de mercadotecnia, desenvolvemento de negocio), na lingua que prefiran.
- 3) **Acelerador de negocios**: programa de 8 meses para 20 *start-up* e *scale-up*.
- 4) **Eventos de *matchmaking***: tres eventos en liña e 4 presenciais nos que se apoia en cada un deles a 20 empresas seleccionadas. A súa finalidade é facilitar o acceso de *start-up* e *scale-up* ás grandes empresas.
- 5) **Acceso a financiamento para investigadores (*Defence Equity Facility*)**: instrumento de capital de 175 millóns de euros, xestionados a través do Fondo Europeo de Investimentos (EIF) a través do Fondo Europeo de Investimento para fondos privados europeos. En breve anunciaranse os primeiros investimentos.
- 6) ***Hackathons* de defensa e de defensa para o espazo**, organizados anualmente en primavera e outono.
- 7) **Iniciativa *BraveTech EU***, que mobilizará ata 50 millóns de euros, xunto con outros 50 millóns aportados polo Goberno ucraíno. Nunha primeira fase, levaranse a cabo *hackathons* de defensa centrados en Ucraína, actividades de *matchmaking* entre empresas e investidores ucraínos e europeos, financiamento de I+D+i para *startups* europeas e ucraínas, e oportunidades de proba para apoiar o desenvolvemento tecnolóxico en Ucraína para empresas de defensa europeas. Posteriormente, integraranse *start-up* e *scale-up* no acelerador de negocios do EUDIS.

2.2. MEDIDAS DE EMERXENCIA E CURTO PRAZO

Resulta imprescindible completar os esforzos do EDF (que ten un ritmo de maduración propio de medio-longo prazo) con outras iniciativas orientadas a:

- Promover a cooperación ó longo de todo o ciclo completo de investimento.
- Favorecer a creación dun ecosistema industrial de defensa sostible.
- Incrementar a preparación e capacidade de reacción da UE.
- Mitigar as dependencias de terceiras partes.

No curto prazo, resulta imprescindible incrementar a produción dos elementos máis prioritarios: munición de artillería, mísiles, drones, defensa antiaérea.

2.2.1. Apoio á produción de municións (ASAP), 2024

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Apoiar á industria da UE para aumentar as súas capacidades manufactureiras e facer fronte á demanda crecente de munición e mísiles. ▪ Reducir os tempos de produción da industria da UE de munición e mísiles. ▪ Abordar os coles de botella de produción para liberar o potencial de capacidade de produción.
Orzamento	513 millóns de euros que financian directamente á industria.
Ámbito	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expansión industrial: esforzos das empresas manufactureiras da UE para expandir a capacidade de produción ou reutilizar liñas de produción e subministro existentes. ▪ Preparación mellorada: esforzos manufactureiros da UE para construír e dispoñer de instalacións, materias primas e compoñentes. ▪ Apoio ó persoal cualificado: formación, reciclaxe ou mellora de competencias do persoal necesario para aumentar a produción

2.2.2. Instrumento para o reforzo da industria europea de defensa mediante as adquisicións en común (EDIRPA), 2024

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fomentar a cooperación nos procesos de adquisición de defensa entre os Estados membros (compre conxunta). ▪ Reforzar a base industrial e tecnolóxica da defensa europea (EDTIB) para que poida abordar as necesidades de produtos de defensa máis urxentes e críticas. ▪ Asegurar a solidariedade entre os Estados membros prevendo efectos de desprazamento nos produtos de defensa máis urxentes e críticos. ▪ Apoiar a reposición dos stocks esgotados como resultado das transferencias de produtos de defensa a Ucraína.
Orzamento	310 millóns de euros
Ámbito	<p>Compensa os custos de cooperación que teñen os países, por exemplo:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecemento dunha oficina de programa para compras conxuntas. ▪ Outros custos asociados á coordinación.

2.2.3. Programa para a Industria de Defensa Europea (EDIP), aínda non aprobado

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reforzar a competitividade, resiliencia e capacidade de resposta da industria europea de defensa. ▪ Mellorar a capacidade da industria europea de defensa para asegurar a produción, dispoñibilidade e subministro oportunos de produtos de defensa. ▪ Contribuír á recuperación, reconstrución e modernización da industria de defensa ucraína
Orzamento	Proposta de 1 500 millóns de euros , pendente de aprobación polo Consello da UE e o Parlamento Europeo. Financiará o período 2026-2027, ata que chegue o novo marco financeiro plurianual en 2028.
Ámbito	Investimentos en defensa, destinados á produción e á comercialización de produtos de defensa desenvolvidos en cooperación entre os Estados membros.

2.3. LIBRO BRANCO SOBRE A DEFENSA E O PLAN "REARMAR EUROPA / PREPARACIÓN 2030"

2.3.1. Libro branco "Preparación en materia de defensa europea 2030"

Como anunciou a presidenta Von der Leyen nas súas **orientacións políticas** para 2024-2029, nos últimos anos púxose de manifesto a falta crónica de investimento e dun gasto eficiente nas capacidades militares europeas. Para esbozar unha nova formulación e determinar as necesidades de investimento de Europa, a Comisión e a Alta Representante presentaron un **Libro Branco sobre a defensa europea**.

Este Libro Branco presenta solucións para colmar as lagoas críticas en materia de capacidades e crear unha sólida base industrial en materia de defensa. Tamén propón vías para que os Estados membro invistan masivamente nese sector, adquiren sistemas de defensa e reforcen a preparación da industria europea a longo prazo. Débese investir na seguridade e a defensa do continente, á vez que se segue sostendo a Ucraína para que se defenda da agresión rusa.

❖ Regulación Ómnibus

Co ánimo de dar resposta retos de seguridade sinalados no Libro Branco, a Comisión Europea propuxo en xuño de 2025 unha serie de **medidas agrupadas nun paquete ómnibus de preparación en materia de defensa**:

- **Procedemento acelerado** de concesión de permisos.
- **Redución da carga administrativa** no EFD para solicitantes e participantes.
- **Fomento das compras conxuntas e aumento dos limiares dos contratos**.
- **Aclaración** da aplicación de normas vixentes europeas (v.g. lexislación en medio ambiente ou competencia).
- **Mellora do acceso ó financiamento**, simplificando os criterios de elixibilidade de InvestEU, proporcionando orientación sobre investimentos sostibles en defensa e clarificando a noción de armas prohibidas baixo o marco de finanzas sostibles.

2.3.2. Plan "ReArmar Europa / Preparación 2030"

O Plan "ReArmar Europa / Preparación 2030" permite un gasto de máis de 800 000 millóns de euros, que se estruturará dos seguintes piares:

- 1) **Liberar o uso de financiamento público no ámbito da defensa a nivel nacional**: a Comisión Europea convidou ós Estados membro a activar a cláusula nacional de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento, que lles facilitará unha marxe orzamentaria suplementaria para aumentar o seu gasto en defensa, dentro das normas fiscais da UE. As desviacións limitaranse ó seguinte:

- Aumento unicamente do gasto en defensa.
 - Un período de catro anos.
 - Ata un máximo do 1,5% do PIB por cada ano de activación desta cláusula.
- 2) **O instrumento de Acción pola Seguridade de Europa (SAFE):** o Consello da UE adoptou o **regulamento** polo que se crea o instrumento “Acción pola Seguridade de Europa (SAFE) mediante o Reforzo da Industria Europea de Defensa”, un **instrumento financeiro temporal cuxo principal obxectivo é proporcionar axuda financeira urxente en forma de préstamos ós Estados membros, para que estes efectúen adquisicións en común**. Esta contratación conxunta busca superar a fragmentación do mercado e obter mellores prezos. O instrumento **financiará investimentos urxentes e a gran escala para afianzar a base industrial e tecnolóxica da defensa europea (EDTIB)** e buscará corrixir as deficiencias na capacidades de produción da industria de defensa europea ó tempo que fomenta a soberanía estratéxica da UE.
- 3) **Reforzo do BEI e mobilización de capital privado mediante a aceleración da Unión de aforros e investimentos**
- **Mobilización de capital privado e do Banco Europeo de Investimentos (BEI)**, que en 2024 ampliou a esfera dos seus préstamos a proxectos de seguridade e defensa. Tradicionalmente, o BEI tiña unha política moi restritiva con calquera investimento en defensa. Esta práctica era imitada polos bancos comerciais, polo que era difícil obter créditos para proxectos de defensa.
 - O investimento público por si so non chega para cubrir as necesidades de investimento do sector de defensa, desde as empresas emerxentes ata as grandes compañías consolidadas. Para iso, a “**Estratexia para fomentar a riqueza dos cidadáns e a competitividade económica da UE**”, permitirá canalizar o aforro privado cara sectores cruciais da economía, como o da defensa, para quen desexe investir neles.

2.4. REVISIÓN INTERMEDIA DA POLÍTICA DE COHESIÓN

Actualmente desenrólase un proceso de revisión intermedia (voluntaria) dos programas de cohesión [Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER); Fondo de Cohesión; Fondo de Transición Xusta (FTJ); Fondo Social Europeo Plus (FSE+)], con **parte das anualidades 2026 e 2027 reservadas para posibles correccións ou novas prioridades**. A proposta, presentada en abril de 2025 pola Comisión Europea, foi aprobada en **setembro** polo Consello e o Parlamento Europeo. **Entre as prioridades reforzadas atópase a seguridade e a defensa.**

2.5. PRÓXIMO MARCO FINANCEIRO PLURIANUAL (2028-2034)

A proposta da Comisión Europea, publicada en xuño de 2025, introduce un **cambio de paradigma no financiamento** da seguridade, defensa e espazo dentro do orzamento a longo prazo da UE: **o investimento previsto para o próximo marco é significativamente maior, pasando dos actuais 28 400 millóns de euros a 131 000 entre 2028 e 2034.**

2.6. REDE EUROPEA DE REXIÓNS RELACIONADAS COA DEFENSA (ENDR)

A ENDR configúrase como un medio adicional para promover a participación, o coñecemento e as oportunidades de negocio dos ecosistemas rexionais. Entre os seus obxectivos atópanse:

- **Reunir a organizacións rexionais e a clústeres** para intercambiar boas prácticas relacionadas co uso dual e as actividades relacionadas coa defensa.
- **Informar a organizacións rexionais e clústeres** sobre oportunidades de financiamento para que, á súa vez, poidan proporcionar información e orientación ás pemes.
- **Promover os clústeres de excelencia rexionais.**

Iniciativa Estratéxica en Seguridade, Defensa e Aeroespazo 2025-2030

1. CONTEXTO

A Xunta de Galicia desenvolve **dende 2014 unha política de apoio ó sector aeroespacial, consolidándose como referente entre os sectores de alta tecnoloxía da comunidade. Esta política materializouse, en 2015, no Polo Aeroespacial de Galicia**, unha estrutura pioneira en Europa na atracción de investimentos ó sector dos drones civís e no fomento de solucións innovadoras con vehículos non tripulados.

A través da denominada **Civil UAVs Initiative**, o Polo Aeroespacial conseguiu congregarse máis de 50 entidades mediante colaboración público-privada, desenvolvendo conxuntamente máis de 100 proxectos de I+D+i con participación de máis de 3 000 profesionais altamente cualificados. A Xunta foi pioneira no uso de instrumentos como a Compra Pública de Innovación (CPI), modelo que serviu de referencia a outras rexións.

Pola súa parte, a Estratexia de Especialización Intelixente (**RIS3**) de Galicia 2021-2027 **identifica o ámbito aeroespacial como prioritario, centrando os esforzos en actividades de tecnoloxía dual que aproveiten sinerxías civís e militares.**

Paralelamente, en España desenvolveuse un marco estratéxico que evolucionou desde unha concepción puramente militar a un enfoque integral. A invasión de Ucraína en 2022 supuxo un punto de inflexión:

- O orzamento do Ministerio de Defensa duplicouse entre 2016 e 2022, pasando de 6 800 millóns a 14 000 millóns de euros.
- En 2024, existía un compromiso de elevar o gasto ata o 1,53% do PIB nacional.
- En 2019, existe o obxectivo de acadar o 5% do PIB en 2029.
- Inversión asegurada de 10 800 millóns de euros para necesidades urxentes das Forzas Armadas.

A **Estratexia Industrial de Defensa de 2023** identifica dez eixes estratéxicos, incluíndo o desenvolvemento de capacidades industriais estratéxicas, a promoción de programas de obtención de armamento, o impulso de consorcios e alianzas, a integración de novas tecnoloxías e a mellora da cohesión territorial a través de corredores industriais. **En abril de 2025 aprobouse o Plan Industrial e Tecnolóxico para a Seguridade e a Defensa**, que establece investimentos clave en tecnoloxías da comunicación e ciberseguridade, sistemas de defensa e disuasión, e xestión de emerxencias.

2. OS SECTORES DO AEROSPAZO, A SEGURIDADE E A DEFENSA EN GALICIA

2.1. Aerospazo

O sector aeroespacial galego está conformado actualmente por máis de **140 entidades**, moitas de **pequeno ou mediano tamaño** pero posuidoras de importantes capacidades

tecnolóxicas (v.g. sistemas non tripulados). Xunto a estas, **varias grandes empresas teñen capacidade para actuar como tractoras das pemes**. Moitas destas entidades desenvolveron tecnoloxías propias de alto valor e están a comercializalas con éxito a nivel internacional.

Entre 2015 e 2022, o sector aeroespacial galego experimentou un crecemento notable:

- **+59% en emprego**, alcanzando os 4 267 empregos.
- **+21,4% na facturación**, sendo a rexión con maior crecemento do sector en España.
- **Multiplicación por 43 das exportacións**
- **Saldo comercial positivo** en 2021 e 2023

2.2. Seguridade e defensa

No ámbito da seguridade e a defensa, con 115 centros de traballo especializados, **Galicia destaca pola súa capacidade para construír sistemas navais completos e sistemas terrestres avanzados**, con dúas empresas líderes situadas na rexión: Navantia e Urovesa.

No eido das **tecnoloxías da comunicación e da ciberseguridade**, destaca a participación de empresas e centros galegos na Iniciativa Estratéxica de Ciberseguridade de Compra Pública de Innovación (**IECPEI**) do Instituto Nacional de Ciberseguridade (INCIBE), onde **máis do 13% dos fondos financian proxectos galegos**.

Así mesmo, Galicia é unha das poucas rexións con **capacidades demostradas na construción de sistemas non tripulados aéreos, terrestres e navais**. Xunto coas **capacidades tecnolóxicas**, cómpre destacar as **capacidades de xestión**, coa **presenza de grandes empresas** (v.g. Navantia, Urovesa e Indra), algunhas participantes en grandes programas de cooperación internacional e protagonistas de importantes operacións de exportación.

3. A INICIATIVA ESTRATÉXICA 2025-2030

3.1. Finalidade

A Iniciativa Estratéxica 2025-2030 nace coa **ambición de aproveitar as oportunidades que o novo contexto europeo ofrece ás entidades galegas**, creando oportunidades profesionais e convertendo este sectores nunha panca clave para o crecemento económico e a mellora das condicións de vida na rexión.

A Consellería de Economía e Industria aprobou esta **estratexia como instrumento da política industrial galega de apoio ó sector galego da seguridade, defensa e espazo**. A estratexia da continuidade ás políticas iniciadas hai unha década e establece o marco de actuación da Xunta para o apoio a medio e longo prazo.

3.2. Obxectivos estratéxicos

A Iniciativa establece cinco grandes obxectivos para os **próximos cinco anos**:

- 1) **Impulsar o crecemento do ecosistema empresarial:** non se trata só de apoiar ó ecosistema actual, senón de ampliálo notablemente coa incorporación e creación de novas empresas que manteñan, cando medren, a súa base tecnolóxica e produtiva no territorio. O crecemento empresarial suporá necesariamente o crecemento do emprego cualificado e de calidade.
- 2) **Impulsar a diversificación das empresas:** promóvese a participación de empresas doutros sectores estratéxicos galegos no sector da seguridade, defensa e espazo.
- 3) **Materializar novos investimentos industriais:** o cambio de contexto na política industrial permite transcender as políticas de innovación e considerar estas non un fin senón unha capacidade produtiva máis. Así, todas as accións son deseñadas cun enfoque na industrialización, co ánimo de materializar investimentos de carácter industrial no territorio (fábricas, centros de deseño, instalacións de probas e validación). Estes investimentos recibirán apoio durante todo o seu ciclo de vida.
- 4) **Reforzar as capacidades produtivas territoriais**, clave para o crecemento do sector a longo prazo. Mediante o investimento en capacidades, espérase que as empresas atopen en Galicia todo o necesario para afrontar o seu crecemento:
 - Capital que permita ás empresas investir e crecer.
 - Infraestruturas que permitan experimentar e crear produtos de alta tecnoloxía.
 - Coñecemento xerado por centros e universidades para facilitar a transferencia tecnolóxica.
 - Empregados cualificados.
 - Apoio necesario para continuar innovando e creando produtos disruptivos.
- 5) **Liderar as novas políticas industriais a nivel nacional**, creando os instrumentos necesarios para **consolidar a colaboración público-privada como fórmula esencial** para o crecemento económico e a creación de emprego de calidade. Este obxectivo materializárase na exploración, xunto coas empresas, de todas as súas necesidades e de todas as posibilidades existentes para apoialas desde Galicia. **A Xunta preséntase como socio estratéxico e tecnolóxico das empresas, ofrecendo plans a medida específicos para cada unha delas.**

3.3. Programas e actuacións

PROGRAMA	OBXECTIVO	ACCIÓNS	
Ecosistema	Fomentar a colaboración público-privada	Acordos de asociación	Contratos asinados coas entidades que colaboran coa Xunta na execución de programas conxuntos de investimentos para o desenvolvemento de tecnoloxías. Este instrumento foi obxecto de dúas licitacións mediante compra pública precomercial, concluíndo coa firma de seis acordos con empresas como Airbus, Boeing, Indra, Aertec, Tecnobit, Telespazio e Avincis (antes Babcock). O obxectivo para este novo período é a firma de, polo menos, outros catro acordos de asociación de terceira xeración , resultado dunha nova licitación.
		Grandes proxectos de soberanía tecnolóxica	Proxectos impulsados pola Xunta e empresas do sector para a materialización de investimentos industriais en Galicia que, polo seu volume, necesitan un apoio adicional. A Xunta abrirá un diálogo continuado coas principais empresas do sector para identificar claramente os seus plans industriais e configurar grandes proxectos.
		Consortios galegos para proxectos e programas estratéxicos	Agrupacións de entidades galegas que reciben apoio directo da Xunta para competir en proxectos e programas nacionais e internacionais altamente competitivos e atraer novos fondos e investimentos a Galicia.
Apoio incorporación e á consolidación	Lograr a transformación do tecido empresarial existente mediante dúas vías: axudando a empresas doutros sectores ou novas empresas a incorporarse e consolidando as empresas existentes.	Infraestruturas territoriais	Fortalecemento das infraestruturas existentes e creación de novas que sitúen a Galicia como territorio competitivo.
		Equipamento singular	Consolidar o equipamento tecnolóxico actual (seguridade, ciberseguridade dos voos aéreos, comunicacións avanzadas) e dotar a Galicia de novo equipamento que a faga máis competitiva.

		Financiamento de proxectos de base tecnolóxica	Impulsar a participación das empresas do ecosistema nos instrumentos de apoio á I+D+i rexionais, nacionais e internacionais para dispoñer de financiamento competitivo e cofinanciar proxectos de investigación, innovación e creación de novas solucións tecnolóxicas.
		Unidade especializada de seguridade e defensa	A través dunha unidade específica especializada na Oficina Económica do IGAPE, ofreceranse diferentes liñas de actuación: asesoramento, financiamento, participación en consorcios, entre outras, para apoiar ó tecido produtivo galego na súa incorporación a esta actividade.
		Fomento de vocacións	Creación e desenvolvemento de vocacións entre os máis novos, para orientar a súa especialización académica e desexos de emprego futuro cara ós sectores de alta tecnoloxía e, en concreto, cara ó aeroespazo, a seguridade e a defensa.
		Incubación de aceleración de empresas	Actuacións para favorecer a creación e aceleración de empresas no sector aeroespacial en Galicia, a través de <i>Business Factory Aero</i> (BFAero) e os viveiros de empresas da Axencia Espacial Europea (ESA BIC)
		Presenza rexional en feiras nacionais e internacionais	Creación de misións rexionais que faciliten a participación do maior número de empresas nestas feiras e aborden a comercialización de Galicia como territorio atractivo para investimentos futuros.
		Cooperación técnica con outros gobernos	Apoio para definir programas de investimento e executar licitacións centradas nas tecnoloxías e produtos comercializados polas empresas galegas, exportando o coñecemento acumulado por Galicia na adquisición de vehículos non tripulados a outras rexións e países.

		Programas internacionais	Colaboración directa da Xunta con outras rexións que impulsan estes sectores para compartir coñecemento e importar mellores prácticas que fortalezan a estratexia.
		Axuda á internacionalización	Facilitar a expansión internacional das empresas galegas, a súa incorporación a novos mercados e a súa competitividade noutros países.
Investimento duais en Aeroespazo, Seguridade e Defensa	Acompañar ó nacente sector galego na fase de crecemento das empresas, favorecendo o investimento en Galicia e a permanencia no territorio	Fondo de Investimento en Tecnoloxías Duais	A achega inicial da Xunta de 40 millóns de euros aspira a mobilizar recursos equivalentes procedentes de entidades financeiras, fondos especializados e outros grandes investidores. Xestionado por XESGALICIA, o fondo centrarase en apoiar o crecemento das empresas galegas.
		Atracción do investimento	Conxunto de instrumentos do IGAPE orientados a atraer investimentos a Galicia nestes sectores.
		Solo industrial	Oferta de solo industrial de Galicia para as empresas que o precisen para materializar os seus investimentos.
		Axudas á innovación	Diversos instrumentos de apoio á innovación xestionados polo IGAPE que buscan favorecer a dixitalización, a mellora na xestión ou a obtención de certificacións, entre outros.
		Outros instrumentos de apoio ó investimento	Acceso a garantías e outras facilidades que pon o IGAPE a disposición das empresas.
		Demanda rexional de solucións innovadoras	Emprego da Compra Pública de Innovación como instrumento que dea resposta ós retos do sector.

3.4. Gobernanza

A gobernanza da estratexia contempla as seguintes actuacións:

- **Foro técnico anual e grupo de expertos:** compartir o coñecemento acumulado do sector considérase un aspecto clave para maximizar os resultados, efectos e impactos da *Iniciativa Estratéxica*. Anualmente, organizarase un **foro técnico onde se presentarán e compartirán os resultados dos proxectos financiados, así como outros resultados técnicos** que as empresas e centros queiran comunicar.

Ademais, crearase un **grupo de traballo de expertos procedentes da industria, das administracións públicas e dos centros de coñecemento**, que poidan orientar a toma de decisións por parte da Xunta de Galicia e discutir novas formulacións para manter a estratexia en continua evolución.

- **Observatorio do sector aeroespacial, da seguridade e da defensa:** financiaranse estudos específicos que permitan tomar decisións baseadas en datos. Tamén se realizará unha **avaliación intermedia e unha final dos resultados, efectos e impactos da estratexia**.
- **Diálogo estratéxico:** trátase dunha **comunicación formal entre o sector e a administración pública para coñecer necesidades**, retos, proxectos e investimentos a curto, medio e longo prazo. O Diálogo Estratéxico, cuxo obxectivo principal é aliñar ás entidades cos instrumentos que conforman esta estratexia, constitúe un instrumento innovador, dado que é **a primeira vez que en España se aplica para políticas industriais, en liña co xa feito pola UE noutros sectores** (v.g. sector do automóbil).

3.5. Orzamento

O orzamento total desta estratexia ascende a 183 millóns de euros para o período 2025-2030, distribuídos entre os tres programas:

PROGRAMA	ORZAMENTO	MOBILIZACIÓN DE INVESTIMENTO
<i>Ecosistema</i>	84 millóns de euros	621 millóns de euros
<i>Apoio á incorporación e á consolidación</i>	34 millóns de euros	62 millóns de euros
<i>Investimentos duais</i>	65 millóns de euros	203 millóns de euros

Este esforzo investidor espera mobilizar investimentos doutras entidades públicas e do sector privado ata acadar en Galicia un **investimento total próximo ós 900 millóns de euros**. É dicir, **cada euro de investimento da Xunta aspira mobilizar 3,9 euros de investimento doutros actores públicos e privados**.

Na Xunta de Galicia, a xestión dos programas estará a cargo de:

- Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial da Consellería de Economía e Industria.
- Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).
- Axencia Galega de Innovación (GAIN).
- Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado (XESGALICIA).

Ligazóns de interese

- **Noticia FGE-** *Os 'Encontros virtuais' chegan á súa 50ª edición cun debate sobre defensa*
- **Noticia FGE-** *A Comisión Europea leva a cabo a revisión a medio prazo da política de cohesión para o período 2021-2027*
- **Noticia FGE-** *A Comisión presenta o Libro Branco sobre a defensa europea e o plan ReArmar Europa / Preparación 2030*
- **Análise FGE-** *Acción pola Seguridade de Europa (SAFE)*
- **Iniciativa estratéxica** en Seguridade, Defensa e Aeroespazo 2025-2030